

# A "Ley de Economía Sostenible"

Eduardo L. Giménez Fernández (\*)

O autor argumenta que o sistema educativo é a orixe dos problemas da economía española, e todo o que conleva a súa mellora é a motivación da Ley de Economía Sostenible (LES) aprobada a semana pasada.

No contexto actual de crise, os tres problemas económicos da economía española son: desemprego, déficit público e déficit exterior. É importante unha diagnose correcta para orientar todos os esforzos para superalos. Cál é a raíz destes problemas? A continuación argumentarase que o sistema educativo é a orixe dos problemas da economía española, e todo o que conleva a súa mellora é a motivación da "Ley de Economía Sostenible" (LES) aprobada a semana pasada.

Quén son os máis afectados polo desemprego (Problema 1)? Os non cualificados (o 44% dos desempregados) e os que só teñen estudos primarios (26%). De feito, nesta crise o superávit nas contas públicas veuse engulido polas axudas non produtivas (quer en pago de subsidios aos desempregados, quer a financiar plans para apuntalar sectores económicos), ocasionando un crecente déficit público (Problema 2). Cunha man de obra pouco cualificada e un apoio pouco decidido á investigación, cómo non vai ser a economía española pouco competitiva? Nos países menos desenvolvidos producen os mesmos produtos de baixa cualidade máis baratos, e logo tamén adquirimos produtos de alta tecnoloxía a outros países; eis, a existencia dun elevado déficit exterior (Problema 3). Semella que a solución pasa por unha aposta séria pola educación a todos os niveis regrados e tamén, posteriormente, profesionais. Ter de caixeras nun supermercado a algún nacional —en lugar de a un inmigrante— é un desperdicio de recursos. Precisamos cidadáns cualificados, críticos —co seu traballo e ca sociedade—, e innovadores.

Antes de seguir, é oportuno facernos unha pregunta: o goberno pode, ou debe, intervir na economía en xeral —e promulgar leis como a LES— ou financiar a educación? Ningún banco prestaría a un neno de 4 anos diñeiro para formarse dende Primaria até rematar un Master aos 26 anos, para logo devolver ese préstamo. A inexistencia deste mercado financeiro podería xustificar que o Estado a financiasse, e determinara baixo qué condicións a financia. Nos últimos 30 anos cada goberno ten querido deixar a súa impronta nas novas xeracións modificando unilateralmente as leis de educación, o que ten ocasionado algúns resultados negativos: un fracaso escolar elevado, e pouco espírito de sacrificio e autocritica no alumnado. Alén diso, é considerado como "gasto educativo" en lugar de un investimento: os alumnos que entraron este ano en Primaria empezarán a estar a

plena potencia produtiva dentro de 25 anos. Eis a miopía política: éste é un proxecto a longo prazo, con resultados pouco vistosos despois de 4 anos. Así, en momentos con problemas orzamentarios, como nesta crise, os nosos políticos "aforran" recortando os recursos en educación (como o está facendo agora a Xunta). A razón? Pois que os nenos non volan, senon os políticos non se atreverían a diminuír os orzamentos en educación e a súa capacidade futura de gañarse a vida. Xa presentamos un primeiro papel crucial do estado: financiamento da educación. Sigamos tirando do fío. Financiar á formación de capital humano, a través da educación, e á aplicación

de capital humano a través da innovación, non chega. Un segundo papel crucial do estado é, como indican Parente e Prescott (2002), eliminar as "barreiras á riqueza". É dicir, crear un entorno institucional propicio concebido globalmente e que facilite e incentive a iniciativa privada. Este marco xurídico-económico, unhas regras de xogo claras, inclúe unha vertiente burocrática —facilidade para creación de empresas, organización do mercado laboral, ou pagamento simplificado de impostos e taxas—, e unha vertiente legal, por unha banda que garanta acordos, avales e cheques tanto privados como cas Administracións Públicas (a central, autonómica ou local) e que se penalice fortemente aos que incumplan (incluído o Estado), e por outra banda unha seguraza xurídica razoábel ás innovacións produtivas (...que non a sobreprotección das creativas). Este é precisamente o obxectivo do LES: "introducir en el ordenamiento jurídico las reformas estructurales necesarias para crear condiciones que favorezcan un desarrollo económico sostenible." (art.1) Para esto require-se unha Administración tecnificada, e tamén un sistema de supervisión e xudicial áxil. Educación, creación dun marco xurídico-legal propicio... xoga o Estado algún papel máis? Aínda que os políticos gostan de interferir en cuestións económicas —por exemplo, concedendo axudas alegremente— a nivel académico, unha vez postos os alicerces, a teoría económica nos indica que o Estado debe deixar actuar á iniciativa privada e a competencia, ... a non ser que identifiquemos algún caso onde os mercados non funcionen; é dicir, onde os prezos non sexan un sinal que representen os gustos e os custos. Podemos identificar catro destes casos: problemas de efectos externos, problemas informacionais, existencia de poder de mercado, e inexistencia de mercados; isto podería xustificar que o Estado apoiara ou "dese pistas" aos axentes económicos. Poremos varios exemplos. Existen problemas externos vencellados ao medio ambiente; xustifícase que o Estado indique aos axentes económicos que o aforro enerxético e as enerxías renovábeis son un niño de mercado, o que reduce as incertezas no que se refire a qué actividades produtivas van ser demandadas, e ao investimento tanto en capital físico como en formación. Existen problemas de información vencellados á cómo introducir os nosos produtos no exterior; xustifícase que o Estado apoie a promoción —que non organización— de campañas noutros países, a participación en ferias, etc.

Existe poder de mercado cando as empresas chegan a acordos en prexuízo dos consumidores, o que xustifica a creación de organismos de supervisión da competencia.

Finalmente, alén da educación, existen varios problemas de existencia de mercados para financiar actividades de investimento. En primeiro lugar, a financiación de ideas innovadoras: tense dito con razón que se Bill Gates fora español, Microsoft nunca se tería creado. (Algo terá a economía de Estados Unidos que non ten España...) Isto pode xustificar que se creen organismos públicos con liñas de crédito incentivadoras —e nunca a fondo perdido— (por certo, mellor que un Banco Público ou unhas Caixas de Aforros cuns criterios económicos bastante obscuros...).

En segundo lugar, financiación de formación de traballadores que incentiven ás empresas a investir na formación que lles interese (e non financiación de cursos a coste cero). Ben, pois todas estas liñas tamén están enunciadas no LES.

Agora ben, quedan dúas cuestións referidas á LES. A primeira é que se esta concepción global institucional é o que precisa a economía española para crecer a longo prazo... qué "raio" estiveron facendo os nosos políticos nos últimos quince anos cando crecíamos a máis dun 3% anual? Unha de dúas, ou ben non pensando no noso futuro... ou ben a LES non é unha lei novedosa, senon só presenta formalmente unha estratexia global antes espallada en diferentes proxectos. De ser isto último, xurde unha segunda cuestión: a LES é moi ambiciosa ou bótese algo en falta? Neste artigo —e na LES— tratamos de establecer as condicións para favorecer a vida económica dunha persoa dende que entra na escola até o último día de traballo nunha empresa (ben como traballador ou como empresario) que lle permite producir e innovar, en resumo crear riqueza. Se a comparamos co patrón vital de calquera de nós, atopámonos que neste artigo non tocamos —a LES tampouco— dúas etapas vitales: o nacemento e a vellez. Tres cuestións relevantes que precisan dunha concepción global e que quedan fora desta Lei son: i) o financiamento desta Lei sen afogar a iniciativa privada que tenta de fomentar; ii) unha reconcepción do sistema sanitario público universal, que se leva gran parte do gasto público; e, iii) una reconcepción do outro programa estrela do estado de ben-estar: a seguraza social e o seu sostentamento. Por exemplo, apoio á fecundidade e ás medidas de apoio loxístico familiar que facilite o reenprazo xera-

cional, que si fará sustentábel a economía. Se concebimos, como Becker e Murphy (1988), ao Estado como unha Familia a Nivel Agregado, onde as xeracións que traballan hoxe financian cos seus impostos a educación dos nenos, e estes cando crecen e entran no mercado laboral "devolvenlle" cos seus impostos ese investimento en educación en forma de pensións, entón a LES é pouco ambiciosa: só trata a cuestión da educación, máis non se fixa quen ten que financiarlo e en qué termos se vai devolver ese esforzo financeiro.

(\*) Depto. de Fundamentos da Análise Económica, e Historia e Institucións Económicas. Universidade de Vigo

